


Problema231: Que se entende por estrutura fundamental dun átomo? A estrutura electrónica $1s^2 2s^2 2p^6 3s^2 3p^6 4p^1$ é fundamental? por que? Razona a resposta.



A estrutura fundamental do átomo é a configuración electrónica de máis baixa enerxía, é a que seguiría a regra de enchido de orbitais.

A estrutura electrónica $1s^2 2s^2 2p^6 3s^2 3p^6 4p^1$ non é fundamental, é un estado excitado, xa que despois dos orbitais 3p deberíase encher o orbital 4s, que ten menor enerxía que o 4p.